



• **Onde viven as xacias?**

Nos ríos

• **Onde está a capela de Santa Susana?**

Na Alameda

• **O carballo é unha árbore de folla...**

Caduca

• **Os barrios periféricos están no centro ou na parte externa das cidades?**

Na parte externa

1

• **Que agochan normalmente os mouros?**

Tesouros

• **En que igrexa hai un anxiño con lentes?**

Santa María Salomé

• **Cales son as tres funcións vitais dos seres vivos?**

Nutrición, relación e reprodución

• **Nunha paisaxe natural abundarán máis as plantas ou as casas?**

As plantas

2

• **Quen escribiu Pippi Mediaslongas?**

Astrid Lindgren

• **Que museo hai no parque de Vista Alegre?**

O Museo de Historia Natural

• **Que tipo de seres vivos non necesitan a luz do sol para vivir?**

Os animais

• **Unha ponte é un elemento natural ou artificial?**

Artificial

3

• **Que dous animais viven con Pippi Mediaslongas?**

Un cabalo e un mono

• **Que outro nome recibe o parque de Vista Alegre?**

Finca Simeón

• **Que substancia necesitan todos os animais para respirar?**

Osíxeno

• **Para que serven os sumidoiros?**

Para canalizar a auga da chuvia e a residual dos edificios

4

• **Como se chama o mono de Pippi Mediaslongas?**

Señor Nilsson

• **Como se chamaba o eremita que segundo a lenda atopou os restos do apóstolo?**

Paio

• **Que é unha península?**

Terra rodeada de mar por todas as partes menos por unha, chamada istmo

• **Canto anos ten un lustro?**

Cinco

5

• **Quen é o malvado antagonista de Súper Pataca na súa primeira aventura?**

Doutor Malévolo

• **Que outro nome ten a torre do reloxo da catedral?**

Berenguela

• **Que é unha chaira?**

Unha zona plana de terra

• **Que invención marca o límite entre a prehistoria e a historia?**

A escritura

6

• **Completa o seguinte título dunha obra de Astrid Lindgren *Os nenos de...***

Bullerbyn

• **Como se chamaba o bosque onde, segundo a lenda, apareceron os restos do apóstolo?**

Libredón

• **Que é unha cordilleira?**

Unha sucesión de serras

• **De que vivían fundamentalmente os seres humanos do paleolítico?**

Da caza e a recolección de froitos

7

• **A nena protagonista e narradora d'Os nenos de Bullerbyn é...**

Lisa

• **Como se chaman hoxe as torres construídas durante a Idade Media na desembocadura do río Ulla para evitar que os viquingos atacasen Compostela?**

Torres do Oeste

• **Que é unha meseta?**

Terreo chan situado a certa altitude

• **Que civilización antiga destacou polas súas grandes obras civís, como pontes, calzadas e acuedutos?**

A romana

8

• **Que acción realizan frecuentemente os encantos e as mouras á luz da lúa chea?**

Peitéanse

• **Que famoso xefe militar musulmán arrasou a cidade no século X?**

Almanzor

• **En que tipo de nutrientes é rico o arroz?**

Hidratos de carbono

• **Cal era a lingua oficial do Imperio romano?**

O latín

9

• **De que lingua provén o galego?**

Do latín

• **Para que se construíu orixinalmente o hospital dos Reis Católicos?**

Hospital de peregrinos

• **Que eran as rías antes de estaren ocupadas polo mar?**

Vales fluviaís

• **Que importantes innovacións deron o paso do paleolítico ao neolítico?**

A gandería e a agricultura

10

• **Como se denomina o elemento que crea e envía unha mensaxe?**

Emisor

• **Cantas portas tiña orixinalmente a muralla que encerraba a cidade vella de Santiago?**

Sete

• **Segundo o seu xeito de reproducirse, o esquío é un animal...**

Vivíparo

• **Como chamamos unha zona de terreo, situada entre montañas, pola que normalmente flúe un río?**

Val

11

• **A cal das catro casas do colexio Hogwarts pertence Harry Potter?**

Gryffindor

• **Que río de Santiago aparece no título dun libro de Rosalía de Castro?**

Sar

• **Para nos relacionarmos entre nós e coa contorna, os seres humanos precisamos os sentidos, o sistema nervioso e... que máis?**

O aparato locomotor

• **Como se chaman os poboados onde vivían os habitantes prerromanos de Galicia?**

Castros

12

• **En que sílaba levan a til as palabras esdrúxulas?**

Antepenúltima

• **Das portas orixinais da muralla de Compostela, cal é a única que se conserva hoxe en día?**

A porta de Mazarelos

• **Cal é o río máis longo de Galicia?**

O Miño

• **En que século desapareceu o Imperio romano de Occidente?**

Século V

13

• **De que cor era o pelo de SuperMax antes de se converter en SuperPataca?**

Louro

• **De onde vén o nome de praza do Obradoiro?**

Porque alí traballaban os canteiros que construían a catedral

• **Como se chama o aparato do que forma parte o corazón?**

Aparato circulatorio

• **Como se chama o texto onde se recollen os dereitos e deberes da cidadanía dun Estado?**

Constitución

14

• **Que é unha sílaba tónica?**

A sílaba que se pronuncia máis forte dunha palabra

• **Como se chamaba o famoso mestre que creou o pórtico da catedral?**

Mestre Mateo

• **O noso corpo crece porque crece o tamaño das células ou porque crece o número de células?**

Porque crece o número de células

• **Que feito histórico consideramos que dá fin á Idade Antiga e comezo á Idade Media?**

A caída do Imperio romano de Occidente

15

• **Cando se acentúan as palabras graves?**

Cando non rematan en n, s ou vogal

• **Como se chama o monte máis importante de Santiago?**

Monte Pedroso

• **De que sistema forma parte o cerebro?**

Do sistema nervioso

• **Que forma teñen normalmente as casas que compoñen os castros?**

Circular

16

- **Se contamos como se comporta unha persoa, cales son os seus gustos ou emocións... estamos facendo unha descrición física ou psicolóxica?**

Psicolóxica

- **O acibeche é unha planta, un mineral ou un animal?**

Un mineral

- **Segundo o tipo de aparato locomotor, clasificamos os animais en...**

Vertebrados e invertebrados

- **Cantos anos hai que empezou o neolítico?**

Hai 10.000 anos

17

- **A forma do pronome persoal tónico, de primeira persoa de singular, que pode funcionar de suxeito é...**

Eu

- **Como se chamaba a praza de Cervantes xusto antes de chamarse así?**

Praza do Pan

- **Que é a vaporización?**

O paso do estado líquido ao gasoso

- **Cantos anos hai, aproximadamente, que aprendemos os humanos a traballar os metais?**

7000 anos

18

- **Que son as palabras antónimas?**

Palabras cuxos significados son contrarios

- **A quen representa o “Santo dos Croques”?**

Ao Mestre Mateo

- **De que sistema forma parte a tráquea?**

Do sistema respiratorio

- **Como se chama o cargo da persoa que dirixe un concello?**

Alcalde ou alcaldesa

19

- **Cando poñemos til nunha palabra aguda?**

Cando remata en vogal, -n ou -s

- **Con que alcume se coñece as e os habitantes de Compostela?**

Picheleira/o

- **Falando das propiedades da materia, que entendemos por volume?**

O espazo que ocupa un obxecto

- **Canto tarda a Terra en dar unha volta completa arredor do Sol?**

Un ano

20

- **Con que nome coñecemos a volta ao uso escrito da lingua galega, a través da literatura ou o xornalismo, que se produce no século XIX?**

Rexurdimento

- **Que é un pichel?**

Unha especie de gran vaso ou xerra

- **Como respiran os anfibios?**

Por pulmóns e pola pel

- **En que estación estarán en Arxentina cando en Galicia estamos no verán?**

En inverno

21

- **Que é o acento diacrítico?**

O acento que usamos para distinguir dúas palabras que se escriben igual pero que teñen distinto significado

- **De que molusco é a cuncha que portan moitas peregrinas e peregrinos?**

De vieira

- **Que substancia tomamos e cal expulsamos durante a respiración?**

Tomamos osíxeno e expulsamos dióxido de carbono

- **En que período da historia aprendeu o ser humano a controlar o lume?**

No paleolítico

22

- **Que é unha palabra polisémica?**

A que ten máis dun significado

- **En que século se produciu o achado dos supostos restos do apóstolo?**

No século IX

- **Que son os nervios?**

Unha rede de filamentos que temos por todo o corpo e que transmiten a información dos sentidos ao cerebro

- **A que chamamos un solo fértil?**

A un chan cunha terra rica en nutrientes, auga... e que é boa para cultivar

23

- **Como se chama o dono da fábrica de chocolate á que é invitado Charlie?**

Willie Wonka

- **Cal foi o primeiro arcebispo de Compostela?**

Diego Xelmírez

- **Que é unha mestura homoxénea?**

Aquela mestura na que non podemos identificar a simple vista as distintas substancias que a integran

- **En que tres poderes se divide o Estado democrático?**

Executivo, lexislativo e xudicial

24

- **Como denominamos a parte da oración que nos indica quen realiza a acción?**
Suxeito
- **En que século nace a Universidade de Santiago de Compostela?**
No século XV
- **O vento é unha fonte de enerxía renovable ou non renovable?**
Renovable
- **Cales son os cinco grandes océanos?**
Atlántico, Pacífico, Índico, Ártico e Antártico

25

- **Quen escribiu *Matilda*?**
Roald Dahl
- **As cunchas de vieira talladas en pedra que se poden ver nalgunhas casas da zona vella indican-nos que esas casas foron (ao mellor aínda son), propiedade de...**
Do cabido da catedral
- **Que aparatos interveñen na función de nutrición?**
Dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor
- **Quen forma o sistema solar?**
O Sol e os planetas Mercurio, Venus, A Terra, Marte, Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno

26

- **Que é unha cantiga de berce?**
Unha canción relaxante que se usa para facer durmir as nenas e os nenos pequenos
- **Que dous ríos arrodean Santiago?**
O Sar e o Sarela
- **En que parte dunha flor se produce o pole?**
No pistilo
- **De que palabra latina procede o actual nome de Galicia?**
Gallaecia

27

- **Os aumentativos serven para expresar que algo é:**
Moi grande, moi bo ou moi importante
- **Como se chamaban as mulleres coñecidas como as dúas Marías?**
Maruxa e Coralia
- **Como podemos medir a masa dun obxecto?**
Con pesas
- **Que é unha persoa emigrante?**
Unha persoa que marcha do seu país para traballar noutro

28

- **Como denominamos cada unha das liñas que compoñen un poema?**
Verso
- **En que lugar da cidade está a famosa estatua en homenaxe ás dúas Marías?**
Na Alameda
- **Cantas patas teñen os insectos?**
Seis
- **En que unidade administrativa se dividen as provincias?**
En concellos

29

- **Quen é o inseparable compañeiro de Astérix?**
Obélix
- **Como se chama o edificio onde está a sede do Concello de Santiago?**
Pazo de Raxoi
- **Cantas patas teñen os crustáceos?**
Dez
- **Cal é a capital de Galicia?**
Santiago de Compostela

30

- **Que deben atopar as persoas que queiran visitar a fabrica de chocolate de Willie Wonka?**
Un billete dourado
- **Como se chama o parque que hai detrás do Museo do Pobo Galego?**
Parque de Bonaval
- **Que catro elementos precisan as plantas para fabricar o seu alimento?**
Auga, nutrientes do chan, aire e luz
- **Como se chama o movemento dos planetas arredor do Sol?**
Traslación

31

- **Como se chama a fraga da escola Hogwarts habitada por criaturas fantásticas?**
A Fraga Prohibida
- **Que día se celebra o Santiago Apóstolo?**
O 25 de xullo
- **Segundo o xeito de alimentarse, que tipo de animal é a troita?**
Carnívora
- **Que significa que unha civilización é politeísta?**
Que cre en máis dun deus

32

• **Que particular medio de transporte leva a Román Casas até o mundo dos defuntos no libro *Escarlatina, a cociñeira defunta*?**

O mortobús

• **Como se chama o pavillón onde xoga o equipo de baloncesto Obradoiro?**

Multiúsos Brañas do Sar

• **Que é unha braña?**

Un terreo moi húmido

• **Como se chamaba o deus do Antigo Exipto con cabeza de chacal?**

Anubis

33

• **En que territorio conquistado polos romanos vivían Astérix e Obélix?**

Na Galia

• **Como se chama a rúa que desde a praza do Obradoiro conduce ata a Porta Faxeira e a Alameda?**

Rúa do Franco

• **Se queremos separar unha mestura de sólido e líquido, que dúas técnicas podemos usar?**

Filtración ou evaporación

• **Quen era o célebre xeneral romano que conquistou a Galia?**

Xulio César

34

• **Por que eran invencibles Astérix, Obélix e os seus amigos?**

Porque tiñan unha poción máxica que preparaba o druída Panorámix

• **Por que se chama así a rúa da Acibechería?**

Porque antigamente había alí moitos artesáns que fabricaban xoias de acibeche

• **Que técnica debemos usar para separar unha mestura formada por dous líquidos?**

A destilación

• **Que son as pirámides?**

Tumbas de faraóns

35

• **Un adxectivo sempre se refire a un substantivo, co que ten que concertar en dous aspectos. Cales son?**

Xénero e número

• **Como se chama o equipo de fútbol sala máis importante de Santiago?**

O Santiago Futsal

• **Para que se move un xirasol?**

Para buscar a luz do sol

• **Que é máis grande, un mar ou un océano?**

Un océano

36

• **En que mes se celebra o Día das Letras Galegas?**

En maio

• **De que traballa o famoso compostelán Luís Zahera?**

De actor

• **Que é un amieiro?**

Unha árbore

• **Cal é o principal afluente do río Miño?**

O Sil

37

• **Como se chaman a nena e o neno que son veciños e amigos de Pippi Mediaslongas?**

Tommy e Annika

• **En que rúa está o Salón Teatro?**

Rúa Nova

• **Que usamos para medir a temperatura?**

O termómetro

• **Como chegaban os fenicios a Galicia para comerciar?**

En barco

38

• **Que fai o raposo, no coñecido conto popular, para que o corvo abra a boca e así deixe escapar a comida?**

Méntelle ao corvo, dicíndolle que canta moi ben (o corvo), e que por favor cante para el

• **Como se chama o libro que contén a primeira guía coñecida para peregrinar a Santiago (e un dos primeiros libros de viaxes da historia)?**

Códice Calixtino

• **Que é o pecíolo?**

A parte dunha planta que une a folla co talo

• **Que é a atmosfera?**

A capa de aire que rodea a Terra

39

• **Como se chama o neno a quen a Emperatriz Infantil envía a unha perigosa viaxe para salvar Fantasia na Historia Interminable?**

Atreiu

• **Quen destruíu o castelo da Rocha Forte?**

Os irmandiños

• **Como chamamos aos corpos que non deixan pasar a luz a través deles?**

Opacos

• **Cal é o principal río que desemboca na ría de Muros e Noia e pasa moi preto de Compostela?**

O Tambre

40

• **Quen é o autor d' *A historia interminable*?**

Michael Ende

• **Porque se chama así o Monte do Gozo?**

Pola alegría que sentían os peregrinos do camiño francés ao chegar alí e ver Compostela por primeira vez

• **O carballo ten unha folla serrada, lobulada ou lisa?**

Lobulada

• **O nome da galaxia na que vivimos é...**

Vía Láctea

41

• **Que clase de animal é Fujur, un dos personaxes d' *A historia interminable*?**

Un dragón branco da sorte

• **Cal é a profesión da compostelá Sabela Arán?**

Actriz

• **Cales son os catro sabores básicos?**

Doce, salgado, ácido e amargo

• **Que dous movementos realiza a lúa?**

Rotación e traslación

42

• **Quen lle deu a Greg a idea de escribir un diario?**

Súa nai

• **Onde está o Paseo da Ferradura?**

Na Alameda

• **Como se chaman os órganos polos que respiran os peixes?**

Branquias

• **Que era unha polis na antiga Grecia?**

Unha cidade

43

• **Como se chaman os irmáns de Greg, o narrador d' *O diario de Greg*?**

Manny e Rodrick

• **Que día se celebra o San Roque, unha das festividades máis importantes para as veciñas e os veciños de Compostela?**

O 16 de agosto

• **En que nutrientes é máis rico o peixe?**

En proteínas

• **Que é ser nómade?**

Que non se vive sempre no mesmo lugar senón que se vai dun sitio a outro buscando sustento

44

• **Como se chama o xornal que dirixe Gerónimo Stilton?**

O Eco do Roedor

• **En que ano naceu o aeroporto de Santiago?**

1932

• **Onde viven as algas?**

Na auga doce e na salgada

• **A que civilización se atribúe a invención da escritura?**

A sumeria

45

• **De que libro cheo de pantasmas é protagonista Román Casas?**

Escarlatina, a cociñeira defunta

• **Cantas parroquias conforman o concello de Compostela?**

29

• **Que significa inerte?**

Que non ten vida

• **A que chamamos condensación?**

Ao paso do estado gasoso ao estado líquido

46

• **Cal é o título completo da versión en galego do primeiro libro d' *O diario de Greg*?**

O diario de Greg. Un chaiñas total

• **Uns personaxes moi importantes que aparecen durante algunhas festas en Santiago son os xigantes e...**

Cabezudos

• **Que tipo de enerxía teñen as ondas do mar?**

Enerxía cinética

• **Que nome recibe a parte máis interna do noso planeta?**

Núcleo

47

• **Cal é a profesión do tío Basilius, un dos protagonistas d' *O mundo secreto de Basilius Hoffman*?**

Arqueólogo

• **Que sostén nos seus ombreiros Atlas, a figura que coroa a fachada do pazo de Bendaña?**

O mundo

• **A través de que sentido percibimos o frío e a calor?**

Do tacto

• **Que significan as abreviaturas (a.C) cando as escribimos a carón dunha data?**

Antes de Cristo

48